



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA
30 DE XANEIRO DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURAN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
NOEL LOPEZ LOPEZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 30 de xaneiro de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 28.11.2024

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 28.11.2024.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 28.11.2024, resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.



2. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/3. REX 1/2025.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de xaneiro de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía, de data 21.01.2025, que di:

“**Expediente nº:** 2025/G006/000020

Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/3. REX 1/2025.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente nº 2025/G006/000020 correspondente ao recoñecemento extraxudicial de créditos número 1/2025, relativo a gastos procedentes de exercicios anteriores, correspondentes a prestación de servizos ou subministracións prestados a este concello, por un importe bruto de 204.044,55 €.

Considerando o disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos, que establece a posibilidade do recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, atribuíndo ao Pleno da Corporación tal recoñecemento, sempre que non exista dotación orzamentaria.

Considerando o disposto na base 13ª das Bases de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024:

“(…) Corresponde ao Pleno da Corporación a asunción de gastos procedentes de exercicios anteriores mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos, agás as dos contratados previamente e con créditos comprometidos no exercicio correspondente. (...)”

Resultando que con data de 21 de xaneiro de 2025, emitíuse Informe de Intervención de fiscalización, relativo á relación de facturas para recoñecemento extraxudicial REX 01/2025 para a súa aprobación polo Pleno do Concello.

As devanditas facturas foron informadas desfavorablemente pola Intervención, mediante informe de reparo suspensivo por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

O reparo de Intervención basease fundamentalmente en que as indicadas prestacións non son susceptibles de tramitación como contratos menores pola súa propia natureza, que non se corresponde coa de prestacións puntuais, senón de carácter estrutural e de tracto sucesivo.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Hai que ter en conta que se trata de prestacións que se veñen realizando deste xeito en atención aos recursos persoais e de medios materiais de que dispón o concello, como se acaba de apuntar, e buscando a procura da satisfacción dos intereses municipais dun xeito fácil e rápido, acudindo ás disponibilidades máis axeitadas por inmediatez e eficacia.



Tendo en conta os artigos 184 a 186 do TRLHL, e o establecido no artigo 217 para a resolución dos informes de reparo.

Resultando que o órgano competente para o levantamento do reparo e a aprobación do presente expediente é o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Levantar a nota de reparo suspensiva de Intervención, de data 21 de xaneiro de 2025, emitida de conformidade co artigo 215 e 216 a) e c), do TRLHL e 12 do Real decreto 424/2017 de 28 de abril, de réxime xurídico, por insuficiencia de crédito e/ou por omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais.

SEGUNDO.- Aprobar, comprometer o gasto e recoñecer extraxudicialmente as obrigas que se derivan das facturas incluídas no REX 01/2025, por importe total de DOUSCENTOS CATRO MIL CORENTA E CATRO EUROS E CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS DE EURO (204.044,55 euros), con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes ao orzamento 2025, que é o prorrogado do ano 2024, a favor dos terceiros e polos conceptos e importes que se detallan a continuación:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/2325	2024 -77	19/08/2024	B70187034	SOTO ESPECTACULOS AS PONTES SL	CONTRATACION ORQUESTAS FESTAS DE CEDEIRA	338	22799	128.260,00 €
F/2024/3535	24 326	15/12/2024	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU MES DE DIC 2024	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/3569	2024 366	19/12/2024	J15844103	CLINICA FISIOTERAPIA PENAMOURA SC	Sesión Gimnasia Terapéutica	231	22799	1.200,00 €
F/2024/3571	PI24142000443448	19/12/2024	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA	165	22100	37,09 €
F/2024/3572	PA PA24142000036373	19/12/2024	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA	165	22100	5,46 €
F/2024/3574	Emit- 1011	20/12/2024	B15736408	REPRESENTACIONES CARBALLEIRA SL	SUMINISTROS	341	22110	126,71 €
F/2024/3575	Emit- 1010	20/12/2024	B15736408	REPRESENTACIONES CARBALLEIRA SL	SUMINISTROS	912	22601	87,12 €
F/2024/3576	FC 2240669371	18/12/2024	B64076482	QUIRON PREVENCIÓN SLU	MEDICINA DEL TRABAJO	920	22799	1.725,17 €
F/2024/3578	2024//1556	20/12/2024	A15044043	MANTENIMIENTOS GALLEGOS SA	IMPORTE POR REVISION TRIMESTRAL DE CLIMATIZACION	920	22706	467,11 €
F/2024/3579	2024//1557	20/12/2024	A15044043	MANTENIMIENTOS	Importe por revisión trimestral	3231	21303	134,35 €



				GALLEGOS SA	de climatización en ESCOLA INFANTIL			
F/2024/3580	2024//1555	20/12/2024	A15044043	MANTENIMIENTOS GALLEGOS SA	IMPORTE POR REVISION TRIMESTRAL DE CLIMATIZACION EN PISCINA	341	21303	992,20 €
F/2024/3581	PA PA24142000036783	23/12/2024	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	ENERXÍA ACTIVA	165	22100	5,95 €
F/2024/3582	PI24142000444463	23/12/2024	A61797536	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SA	POTENCIA ACCESO PUNTA	165	22100	44,60 €
F/2024/3586	KAS 174	26/12/2024	B70416466	KAIZEN MANAGEMENT SL	SERVIZO DE MONITORADO DEPORTIVO MULTIDISCIPLINAR. decembro 2024	341	22799	3.265,21 €
F/2024/3587	KAS 176	26/12/2024	B70416466	KAIZEN MANAGEMENT SL	MONITOR MULTIDISCIPLINAR A JORNADA COMPLETA DURANTE CUATRO MESES. diciembre de 2024	341	22799	2.989,33 €
F/2024/3588	KAS 175	26/12/2024	B70416466	KAIZEN MANAGEMENT SL	SERVIZO DE SOCORRISMO NA PISCINA MUNICIPAL. diciembre de 2024	341	22799	3.429,79 €
F/2024/3589	KAS 177	26/12/2024	B70416466	KAIZEN MANAGEMENT SL	SERVIZO DE ACTIVIDADE DE ZUMBA MUNICIPAL. decembro do 2024	231	22799	1.066,29 €
F/2024/3593	HI24-000014122	22/12/2024	A80907397	VODAFONE ESPAÑA SAU	Total sevicio	231	22200	106,48 €
F/2024/3594	HI24-000014304	22/12/2024	A80907397	VODAFONE ESPAÑA SAU	Total sevicio	Multiaplicación		339,65 €
F/2024/3595	240001850	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	171	22199	17,96 €
F/2024/3596	240001853	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	450	22199	45,81 €
F/2024/3597	240001851	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	450	22199	60,03 €
F/2024/3598	240001852	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	450	22199	24,61 €
F/2024/3599	240001854	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	165	22199	19,80 €
F/2024/3600	240001855	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	165	22199	24,60 €



F/2024/3601	240001856	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	341	22199	7,60 €
F/2024/3602	240001857	27/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	450	22199	2,20 €
F/2024/3603	CI0923791646	22/12/2024	A80907397	VODAFONE ESPAÑA SAU	Total sevicio	Multiaplicación		1.201,64 €
F/2024/3605	HI24-000014261	22/12/2024	A80907397	VODAFONE ESPAÑA SAU	Total sevicio	Multiaplicación		356,95 €
F/2024/3607	388 56	31/12/2024		GRACIELA OTERO GARCIA	PORTAL DE TRANSPARENCIA - MES DE DICIEMBRE	920	22706	423,50 €
F/2024/3608	C24 495	26/12/2024		CARBAJAL ALVAREZ, JOSE LUIS	SUMINISTROS	171	22199	22,49 €
F/2025/7	A 792	23/12/2024		PEREIRA VILLASUSO RAQUEL	SUMINISTROS	450	22104	34,00 €
F/2025/8	A 748	03/12/2024		PEREIRA VILLASUSO RAQUEL	SUMINISTROS	231	22104	81,60 €
F/2025/9	A 761	11/12/2024		PEREIRA VILLASUSO RAQUEL	SUMINISTROS	450	22104	9,00 €
F/2025/13	2404 2404462527	31/12/2024	F20025318	ORONA COOP	SERVICIOS DE MANTENIMIENTO	920	21302	353,13 €
F/2025/14	2404 2404462528	31/12/2024	F20025318	ORONA COOP	SERVICIOS DE MANTENIMIENTO	920	21302	355,74 €
F/2025/16	68	31/12/2024		LOPEZ VILLAR MARIA	OBRADOIRO MEMORIA DECEMBRO 2024	231	22799	1.116,50 €
F/2025/25	FE24137028479341	15/12/2024	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	Importe por peajes de transporte y distribución	165	22100	30,87 €
F/2025/31	Emit- 42	26/12/2024	G15620628	AFAL FERROLTERRA	TALLERES SERVICIO ESTIMULACION ALZHEIMER DICIEMBRE 2024	231	22799	1.672,85 €
F/2025/34	2024/ES 004503	31/12/2024	B15356926	YAÑEZ CANDALES SL	GASOLEO A	Multiaplicación		1.665,92 €
F/2025/43	CA-16-2024	31/12/2024		URRUTIA BEATO ANDRES	CLASES PINTURA Y DIBUJO. DICIEMBRE 2024	334	22799	919,60 €
F/2025/44	128	30/12/2024		RODRIGUEZ GOMEZ, XABIER	CURSO TAPICES. DECEMBRO 2024	334	22799	580,80 €
F/2025/46	52	19/12/2024		CANEIRO MANTEIGA, JAVIER	ASISTENCIA TECNICA EQUIPOS. DICIEMBRE 2024	920	22706	363,00 €
F/2025/47	53	19/12/2024		CANEIRO MANTEIGA,	CURSOS INFORMATICA,	920	22706	1.499,55 €



				JAVIER	DICIEMBRE 2024			
F/2025/49	623	31/12/2024		MONTERO ORTEGA, Natalia	LIMPEZA PUNTO LIMPO. DECEMBRO 2024	920	22700	102,24 €
F/2025/50	622	31/12/2024		MONTERO ORTEGA, Natalia	LIMPIEZA GUARDERIA. DECEMBRO 2024	3231	22700	658,24 €
F/2025/51	C-012/2024	31/12/2024		MARCOS DIAZ, LUCIA YASMINA	LIMPEZA E ACONDICIONAMENTO ALDEA S.ANDRES DECEMBRO 2024	1621	22700	1.347,50 €
F/2025/52	L23/F/024	31/12/2024		BROCOS FRAGUELA, ANDREA	APERTURA Y LIMPIEZA BAÑOS. DECEMBRO 2024	920	22700	1.038,18 €
F/2025/53	L24/F/024	31/12/2024		BROCOS FRAGUELA, ANDREA	LIMPEZA GUARDERIA A GALIÑA AZUL. DECEMBRO 2024	3231	22700	1.730,30 €
F/2025/54	C9/2024	31/12/2024		VANESSA LOPEZ BASANTA	ASISTENCIA TECNICA MEDIO AMBIENTE. DECEMBRO 2024	170	22706	2.843,50 €
F/2025/62	240001899	31/12/2024	B70233069	FERRETERIA LUCIANO SL	SUMINISTROS	450	22199	42,48 €
							TOTAL	204.044,55 €

TERCEIRO.- Ordear o pago por parte da Tesourería municipal con cargo ás aplicacións orzamentarias que se sinalan na relación anterior.

CUARTO.- Dar traslado aos servicios municipais de Intervención e Tesourería, así como ao de Contratación.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2), e dous (2) votos en contra, do PP, acorda ditaminar favorablemente devandita Proposta e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións o Sr. Cribeiro García di: Con respecto a este Recoñecemento de facturas por importe de 204.044 euros, nós só imos a ler as consideracións xerais que di a señora María Carmen Menéndez Ares que é a Interventora do Concello de Cedeira. Nas consideracións xerais que di a Interventora.

O Sr. Cribeiro García lee extractos do informe da Interventora:

“(…)

Neste mesmo sentido o artigo 173 do TRLFL dispón que as obrigacións de pago só serán esixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos (...)

Previamente ao recoñecemento da obrigación debe acreditarse documentalmente, (...) sendo o soporte documental habitual a factura (...)



(...) ao meu xuízo, a necesidade da recepción formal ou conformidade expresa coa prestación ou servizo facturado. (...) a sinatura do persoal funcionario que acredite a recepción da prestación. (...)

(...) non se seguiu o procedemento legalmente establecido, (...)

Con todo, advírtese nalgunhas facturas unha deficiente identificación das prestacións que son obxecto de liquidación.

(...) non queda acreditado o cumprimento dos límites e requisitos fixados no artigo 118 LCSP. P. Remítome ao xa informado no punto primeiro do apartado A). TERCEIRO deste Informe.

As bases de execución do orzamento de Cedeira, sinalan a necesidade do cumprimento, como non podía ser doutro xeito (...)

(...) todos os expedientes de contrato menor por importe superior a 6.000 euros (IVE excluído) requiren adjudicación expresa por órgano competente e a partires de 12.000 euros é necesario que se soliciten ofertas a, polo menos, tres empresas ou a publicación no perfil do contratante. (...)"

O Sr. Cribreiro García continúa dicindo: Vemos aquí unha factura de Soto Espectáculos de contratación festas en Cedeira por un importe de 128.260 euros. Quero recordarlles ós membros do goberno que unha das preguntas que fixemos nun Pleno foi canto custaba a orquestra Panorama.

O Sr. Alcalde di: París de Noia.

O Sr. Cribreiro García di: Ou a París de Noia. A día de hoxe, non temos constancia nin resposta da nosa pregunta. Seguimos vendo como se paga a recollida de lixo por un importe de 41.109 cun contrato caducado dende fai catro ou cinco anos. Vemos tamén como se paga un Portal de transparencia do mes de decembro de 423 euros e falta todavía información no Portal de transparencia. Hai, polo tanto, 51 facturas de 204.000 euros, onde se nos ocultan as facturas para poder ver en que se gastan. Acaba o informe da Interventora do Concello de Cedeira dicindo: “Visto canto antecede infórmase desfavorablemente a aprobación das facturas recollidas na relación facturas F/2025/3 que suma un importe total de 204.044,55 € e emítese reparo suspensivo (...)”

O Sr. Alcalde di: Nada máis?

O Sr. Cribreiro García di: Si, si.

O Sr. Alcalde di: Vou contestar un pouquiño en xeral, vale? Empezo polo final, a documentación das facturas está claro que non pode ser, senón non viría en este REX, co que está claro que hai a máxima transparencia. Un REX é un recoñecemento extraxudicial de créditos onde todas as empresas teñen dereito a cobrar sobre facturas que teñen presentadas. Dentro desta secuencia das moitas facturas que hai presentadas normalmente unhas teñen uns procedementos de contratación e outras xorden en momentos determinados. É dicir, si que é verdade que a nova Lei de Contratos o que nos di é moita da tramitación de facturas, ou digamos algúns contratos, hai que sacalos a licitación e isto é algo que tamén dio no informe e onde di a Interventora que nestes momentos o Concello non pode seguir co seu procedemento normal e moitas destas facturas que se podía contratar previamente, non se pode facer. Estanse priorizando unha serie de cousas que non significa que nun futuro non se vaian a desenvolver. No tema da factura de Espectáculos Soto, o outro día preguntarche canto custaba a París de Noia, creo que a resposta do Concelleiro foi que ía todo nun pack. Digamos, non se contrata orquestra a orquestra, contrátase un pack de orquestras por todo isto que serían as festas de Santa Ana e as festas da Patroa. Ó



final, quedamos coa empresa en que nos tiña que presentar dúas facturas, unha de 100.000 euros que era o que tiñamos nos orzamentos municipais para pagar esa factura, e outra de 28.000. Eles o que fixeron foi presentar unha factura só por importe e 128.000, tiñan feito e xa pagado o trimestre, co cal cando lles dixemos que tiñan que refacer esa factura non puideron e tivemos que levala a este Pleno. Hai outra serie de facturas que son facturas que se presentan a final de ano que non da tempo á tramitación no ano natural e se teñen que pagar no seguinte. Se vedes as datas, son dos días 26, 27, 28 de decembro. Hai outras que si que van nese procedemento de contratación que son, por exemplo, agora que falamos das actividades que dan no Polideportivo si que hai que sacar un contrato de licitación porque o que se podía facer nun ano e medio, pois non se pode facer agora. Falando, por exemplo, do tema este, das facturas que van en función ás actividades dos monitores do Polideportivo, co que me quedo é cos números do ano 2024 que son os máis altos que houbo na historia deste Concello ata este ano. Neste ano temos a sorte de que temos un Polideportivo e unha piscina con cantidade de actividades que estamos ofertando, tanto a todos os veciños que viven en Cedeira, como nas respectivas parroquias. Por poñer un pequeno exemplo, estamos falando que temos ximnasia de mantemento con 43 usuarios, pilates de adultos con 63 usuarios, ximnasia rítmica con 30 usuarios, patinaxe dende os 4 ata os 18 anos con 26 usuarios, fútbol sala dende o 7 ata os 18 anos 24 usuarios, bádminton infantil dende o 7 ata os 18 anos 15 usuarios, bádminton adultos 15 usuarios, multideporte que ven sendo 4, 5, e 6 anos 27 usuarios, voleibol dende os 7 ata os 18 anos 15 usuarios, tenis infantil dende os 7 ata os 18 anos 11 usuarios, tenis de adultos 11 usuarios, tenis infantil dende os 7 ata os 18 anos 11 usuarios, circuit training adultos 75 usuarios, ximnasia nas parroquias 35, pádel infantil 30 usuarios, pádel adulto 89 usuarios. Isto só no que é o Polideportivo e nas parroquias. Despois nas actividades de piscina temos natación de adultos 46 usuarios, aqua gym adultos 71 usuarios, saúde na auga 11 usuarios, natación infantil dos 3 aos 18 anos 150 usuarios, natación bebés de 0 a 3 anos 7 usuarios. Total, máis ou menos, coas altas que tivemos no ano 2024 foron: en infantil 329 e en adultos 339. En total, 668 persoas que disfrutaban destas actividades, co cal creo que é un traballo fantástico que se fai dende o Concello e dende a Concellería, neste caso de Deportes, e onde temos que seguir traballando para que se siga mellorando todo iso, pois faise realmente con este tipo de monitores que precisamos contratar e que intentaremos sacar o máis rápido posible ou por concurso.

Outra das dúas facturas que dis, que son o Portal da transparencia e a recollida do lixo, está claro que o Portal da transparencia é unha obriga de este Concello a máxima transparencia posible en todos os ámbitos que implica. Estamos dándolle unha volta a o que é o Portal, estase metendo moita información que non é fácil porque ao final é toda a información que temos do día a día, témola que volcar e sacar todos os datos que poidan ter algún tipo de confidencialidade. E co tema do lixo, estamos pagando as facturas do lixo, estamos pagándoas co incremento do IPC de cada ano. Aínda que o contrato está caducado, nós seguimos cumprindo, non pagamos como antes da redacción do contrato que non son 5 anos, nin 4 e o que estamos a facer é pois iso, eses incrementos e nada máis. Creo que, do que teño aquí, pouco máis teño que dicir.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) votos en contra do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 27 de xaneiro de 2025, que di:

“Vista a moción presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG en data 14.01.2025, que di:

“MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025



Don Xosé Antón Arribe Rodríguez, portavoz do Grupo municipal do BNG no concello de Cedeira, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecvente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como *Cousas* ou o álbum e a exposición *Nós*, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista *Nós*, o *Museo de Pontevedra* ou o *Seminario de Estudos Galegos*.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fondamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbuns da Guerra (*Galiza Mártir*, *Atila en Galiza* e *Milicianos*), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro *Sempre en Galiza* (1944) e outras obras como *Os vellos non deben de namorarse* ou *As cruces de pedra na Galiza*, para promover a fundación do *Consello de Galiza* (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos



como o *Alba de Gloria* (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un demócrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira “*Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política*”.

Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enxalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilizalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.

Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de *Sempre en Galiza* e da fundación do *Consello de Galiza*, considerado o primeiro goberno galego, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, o grupo municipal do BNG do concello de Cedeira presenta a seguinte proposta de **ACORDO**:

A Corporación Municipal do concello de Cedeira acorda:

1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.
2. Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións, do PP, acorda ditaminar favorablemente devandita moción e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Arribe Rodríguez di: Para o BNG está fóra de toda dúbida que Castelao é un dos pais da política moderna neste país. Como sabedes, foi un home que acabou os seus días represaliado e fóra de España porque os fascistas botárono cando gañaron a guerra. Botárono fóra a el e mataron a case todos os que estaba aquí. Foi membro do primeiro Consello da República que se fixo en Francia con todos os que tiveron que escapar para non ser represaliados. Castelao, de feito, cando morre dítese unha norma polo Goberno franquista dicindo que se se poñía algo de Castelao que se falara del como caricaturista e como debuxante, e non como político, baixo a ameaza de que se se facía así ían a ser represaliados e pecharían incluso os periódicos. Afortunadamente, imos facer unha exposición de Castelao onde imos contar moitas cousas destas que non se saben e creo que a xente ten que comprender. É posible que lle preguntemos a un neno novo quen era Castelao e non o saiba, pero da mesma forma que a base de falar todo o mundo soubo quen foi Rosalía, que estaba totalmente esquecida e olvidada por toda a comunidade, pois volve a pasar con Castelao. Nunha destas mocións pedíase, nós temos afortunadamente xa conseguido un dos primeiros puntos que viña na moción que outros pobos xa fixeron e dicía dedicarlle unha rúa ou unha praza ou algo así, pois temos a avenida Castelao que moi orgullosamente lucimos cando se entra en Cedeira. Tivemos xa unha resposta do goberno do PP na Xunta de Galicia, dicindo –é unha moción similar que se presentou no Parlamento



galego- dicindo que non, votaron en contra. Nosoutros queremos reiterar esta circunstancia neste pobo de Cedeira dicindo que solicitamos que se lle recoñeza, a Xunta de Galicia, a Castelao como primeiro presidente de Galicia, e ao Consello de Galicia como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea. E, por suposto, apoiar a declaración do ano 2025 como ano Castelao.

O Sr. Cribreiro García di: O señor Xose de Vigo acaba de falar de que os nenos agora non coñecen a Castelao. Eu recuperei, eu era un neno, recuperei estes libros. Xa que me van a gravar, se a xente de Cedeira o quere ver. Son uns libros, o primeiro do ano 71, en plena ditadura, meu pai comprábame estes libros. Incluso comproume o libro de *Sempre en Galiza* cunha edición de Montevideo. Quen foi Castelao? Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao, nado en Rianxo en 1886, foi un galego ilustre que se enfrontou cos límites da realidade do seu tempo, intentando comprendela e trasladala á arte e á escrita, para despois transformala e perfeccionala. En vida, foi recoñecido o seu enxeño en distintas manifestacións artísticas: na arte gráfica (no humorismo de Cousas da vida), na pintura (premio na exposición de Belas Artes en Madrid) e na literatura. No eido político, Castelao destacou pola súa convicción de democrata, chegando a ser deputado nas Cortes Constituíntes da Segunda República. Desde esa posición, entregábase ao proxecto de consecución dun Estatuto de Autonomía para Galicia. Durante a ditadura, dende o exilio, defendeu os dereitos de Galicia e publicou o ensaio político *Sempre en Galiza*, ademais de crear o Consello de Galiza. Castelao faleceu en Buenos Aires en 1950, pero non sería ata a chegada da democracia cando o Primeiro Parlamento de Galicia decidiu, por unanimidade, retornar os restos de Castelao para ser enterrado no Panteón de Galegas e Galegos Ilustres en 1984. Así pois, a Xunta de Galicia, 75 anos despois do seu pasamento e cando xa leva 40 anos respousando na súa terra, como recoñecemento e mostra de gratitude do pobo galego, ten acordado declarar o ano 2025 como Ano Castelao. Sobre a declaración da Xunta de Galicia do ano 2025 como Ano Castelao, o Partido Popular de Galicia impulsa desde o goberno da Xunta esta declaración, que pretende homenaxear a un galego ilustre, fóra de calquera intento de politización da súa figura. A súa figura e a súa obra son hoxe, polo seu inmenso significado, un símbolo de Galicia e patrimonio de todos os galegos. Este ano, temos a oportunidade de lembralo e de seguir celebrando a gran obra coa que agrandou o patrimonio da nosa terra.

A posición do BNG: Desde o primeiro momento, o Bloque Nacionalista Galego pretendeu afastarse do consenso e politizar a figura de Castelao, ante a declaración por parte do Goberno galego de declarar o 2025 como Ano Castelao. Isto púxose de manifesto cando o mesmo día que a Fundación Castelao convocou a toda a sociedade para realizar un acto de homenaxe, o BNG decidiu contraprogramar organizando outro acto en Pontevedra. Así o demostrou tamén no Parlamento, institución na que se negou a aceptar unha declaración unánime baseada nun texto da Fundación Castelao. Castelao é unha figura fundamental para a nosa cultura e a nosa lingua, que merece ser lembrada e homenaxeada por todos os galegos e galegas fóra de reivindicacións políticas e partidistas.

Sobre o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galicia: O Partido Popular de Galicia está en contra deste recoñecemento. O primeiro presidente de Galicia foi o primeiro que puido ser elixido democraticamente, este foi Gerardo Fernández Albor, do PPdeG. E iso, por desgraza, foi moito máis tarde do pasamento de Castelao. Coa chegada da democracia, froito dun amplo consenso e do traballo de moita xente, todos os galegos puideron acudir libremente ás urnas e escoller ao primeiro Parlamento, que máis tarde escollería de entre os seus membros ao primeiro presidente. Asemade, cómpre salientar que os membros do Consello de Galiza non se constituíron como Goberno (eran conscientes de que non podían selo) nin elixiron a ninguén presidente de Galiza (poderían ter utilizado esta nomenclatura, e de telo claro cremos que si que o farían).

A proposta de declaración institucional en apoio da programación en este ano 2025 como Ano Castelao con motivo da conmemoración do 75 aniversario do seu pasamento. O pobo galego é creador colectivo de tres das nosas máis salientables singularidades: a paisaxe de Galicia, a lingua e a cultura galegas.

Xa que logo, entre 1220 e 1240 documéntase a aparición da creación oral dos primeiros compositores galegos, entre os que destacamos a Bernal de Bonaval. Iníciase de aquela unha tradición literaria e



musical culta en galego que con interrupcións terá continuidade ata os nosos días. Nesa tradición cultural colectiva destacan algunhas persoas que sobresaen polo seu xenio. Dentro desa constelación de xenios e creadores galegos, inscribíase Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao a quen lle deron a vida en 1886, en Rianxo. El enfrontouse cos límites da realidade e tentou comprendela e trasladala tanto á arte e á escrita, para logo transformala e perfeccionala, acrecentando o noso ben común. Xa en vida se lle recoñeceu o seu enxeño por distintas manifestacións artísticas: na arte gráfica (no humorismo de “Cousas da vida”) que amosou dende 1914, na pintura (Premio na exposición de Belas Artes, en Madrid en 1915) e na literatura. Castelao conxugou o debuxo e o texto coa creación do microrrelato que el denomina “cousa”. Asemade converteuse nun eximio narrador. A edición en 1926 do relato titulado Cousas e ilustrado por el mesmo conságrano na arte literaria. Persoeiro polifacético sempre tentou conectar co pobo. Por iso sentiu a voz desas xentes, debuxou para elas, escribiu para elas e deulles dignidade ao trasladar os seus rostros e pensamentos na serie de humor “cousas da vida” na prensa. Eses miles de debuxos son a galería de personaxes populares mais grande da arte galega. Eses lectores, esas xentes, identificáronse con eses debuxos e co que dicían, sendo amplamente comentados e celebrados. Por iso gozou de grande estima e popularidade na sociedade galega do seu tempo: “son as cousas da vida por Castelao”, dicían. A súa convicción de demócrata obrigouno a darlle participación aos excluídos da loita e do poder desde a Restauración e na ditadura de Primo de Rivera. Como republicano, federalista e galeguista, por coherencia ética, loitará por unha España confederal na que Galicia poida desprezar as súas potencialidades. Eses compromiso converteuno no deputado do galeguismo nas Cortes constituíntes da Segunda República, entregándose de cheo ao proxecto colectivo e político da conquista dun Estatuto de Autonomía para Galicia. Un logro que o pobo galego conquistaría o 28 de xuño de 1936, pero que resultou traxicamente interrompido polas armas dos intolerantes. Castelao puxo a súa arte e a súa voz ao servizo do goberno da República e os seus tres álbums de guerra convertérono nun dos artistas máis admirado e reproducido na prensa internacional. Eses debuxos foron amosados ao mundo en reproducións e logo expostos en Moscova, en Nova York, na Habana e en Buenos Aires. Con todo, o principal obxectivo de Castelao continuará a ser a tramitación e aprobación polas Cortes do Estatuto de Autonomía interrompido en 1936. Para defender os dereitos de Galicia, este galego universal e solidario publicará no exilio, en 1944, o ensaio político Sempre en Galiza, do que este ano se celebra o 90º aniversario, sendo o Parlamento de Galicia editor dunha das súas máis interesantes edicións, e creará o Consello de Galiza e, finalmente, conseguirá o 9 de novembro de 1945 que nas Cortes celebradas en México se aprobe ese Estatuto galego. A grandeza e xenerosidade de Castelao xa lle foi recoñecida, en parte, en vida. O seu enterro en 1950 en Bos Aires, no exilio, foi unha apoteótica manifestación de loito. Cada ano o seu pasamento era conmemorado publicamente na emigración e, clandestinamente en Galicia. Coa súa morte, Alfonso Rodríguez Castelao alcanzou definitivamente a categoría de mito, sendo lido, citado, cantado e musicado xeración tras xeración. Aos poucos foi asomando en Galicia na ditadura a súa obra e a súa actitude ética exemplar. Dedicóuselle o segundo ano do Día das letras Galegas en 1964. Amosouse en Galicia só unha parte de Castelao o mesmo que na celebración dos 25 anos da súa morte, en 1975. A democracia otorgoulle a Galicia un Estatuto de Autonomía e o pobo puido elixir o primeiro Parlamento de Galicia e un goberno propio. Ese mesmo Parlamento decidiu por unanimidade retornar os restos de Castelao para ser enterrado no Pantón de galegas e galegos ilustres en San Domingos de Bonaval o 28 de xuño de 1984. Ese mesmo ano a Xunta de Galicia acordou crear as Medallas de Castelao para recoñecer as personalidades e institucións que teñen destacado en distintos ámbitos sociais. Volveu ser homenaxeado en 2000 con motivo dos 50 anos do seu pasamento. De feito dende a súa morte o nome de Castelao, os seus textos e os seus debuxos, son celebrados, dun xeito ou outro, por uns e por outros e continúan e sempre continuarán esas homenaxes. Castelao convócanos sempre e únenos a todos. El é dos persoeiros mais coñecidos e recoñecidos por todos os galegos e galegas. Por iso o pobo galego outorgoulle a súa máxima estima e escolleuno e el como un dos seus símbolos. Por iso, a Corporación Municipal, cando se van cumprir os 75 anos do seu pasamento e cando xa leva 40 anos repousando na



súa terra, como recoñecemento e mostra de gratitude do pobo galego, acorda amosar o seu apoio á declaración deste 2025 como “Ano de Castelao”.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Eu vou contestar catro cousiñas solo a todo iso que dixo o señor Cribeiro, que en parte ten razón, é unha mestura de wikipedia coa postura do Partido Popular. Dicar que Castelao non era un político é como dicir que as vacas brancas son de cor. Hai un decreto, perdón, un decreto non, unha recomendación que se fai a toda a prensa cando morre Castelao que di, pobre de aquel que diga que era un político porque pagará coas consecuencias. Esas mesmas palabras son as que se están utilizando agora mesmo o Partido Popular para dicir que Castelao non era un político, que Castelao é de todos e Castelao é marabilloso. Castelao é de todos porque é galego, non se lle olvide isto, señor Cribeiro. Castelao é o pai da Patria, xunto con outros moitos pais que ten. Castelao é o pai da Patria. Vostedes, os do PP, alégrome que o queiran incluír no seu bando porque era un home moi xeneroso e seguramente acollería a todos, non hai problema. Iso que me está ensinando agora, teño 50 libros enriba da mesa de Castelao, 50. Eu compreinos en Vigo, no ano 72, dunha forma que había que entrar por unha porta distinta de onde se vendían porque senón collíache a policía e liscábache. Eu teño a 2ª edición de *Sempre en Galiza* un libro así que son incapaz de ler as letras. Non me veña, neste sentido, a ensinar libros porque eu libros teño ducias deles, de Castelao, ducias de Castelao. Antes de que vostede nacera eu xa era un home nacionalista que lía Castelao e compraba libros dese estilo. Antes de que nacera vostede, supoño, pola idade, pode ser. Entón, négolle que Castelao non era un símbolo político. Vostede está totalmente equivocado. É un argumentario que lle pasaron que vostede leu, moi delicadamente e moi ben, por certo, sen equivocarse, pero non ten ningunha razón. É o mesmo argumento que se leu no Parlamento Galego. Castelao estaba polo Estado federal? Non estaba polo Estado federal español, está equivocado. Castelao quería facer unha federación ibérica, quería que Portugal tamén formara parte desa federación. Entón, non soamente hai que ler o que nos poñe encima, senón que hai que ler o que é a xente, hai que ver as cousas cunha pouca máis de profundidade. E con isto, non teño máis que dicir.

O Sr. Cribeiro García di: Non se altere, señor Xosé de Vigo. Se vostede escoitou o que eu dixen, nada de wikipedia, somos o suficientemente intelixentes para xerar o noso argumentario sen depender de ninguén. Xa lle digo, aquí hai unha palabra que vostede non a escoitou, eu dixen: no eido político. Eu falei da política de Castelao. Non vou a discutir a cantidade de libros que ten vostede de Castelao. Nin moitísimo menos.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Non, non.

O Sr. Alcalde di: Foron dous turnos de palabra. Nós, como partido PSdeG e como galego, por parte dos meus compañeiros e compañeiras do grupo de goberno, non imos entrar tampouco no que significa o argumentario dun partido. Os argumentarios dos partidos son aqueles que nos dan para que cando hai unha moción do outro partido, pois para lelo, non? Entre iso e a wikipedia que podemos sacar de Internet. O que si que concordo plenamente co que está a dicir o portavoz do BNG é que a figura de Castelao é unha figura política, por suposto, dentro dun debate político. Unha persoa republicana que participou no primeiro Frente Popular e que debido a un golpe de Estado feito polo fascista que foi Francisco Franco e que despois meteu unha represión brutal. Claro que lle impediu ser o primeiro Presidente de Galicia porque non se podían convocar eleccións. A democracia que había nese momento no país era ínfima, por iso ese home se tivo que ir represaliado e se tivo que facer ese Consello de Galicia e por iso se tivo que crear ese Estatuto de Galicia fóra de Galicia. Co cal, máis político que Castelao puido haber moi pouquiños. E esa é a clave de que a Castelao, no seu momento, non se lle recoñecese iso. Agora quérese lavar a súa imaxe, porque a súa imaxe non hai que lavaba é máis cristalina, pero creo que despois do argumentario que se está facendo e se o Partido Popular, tanto na Xunta de Galicia como aquí no Concello, quere homenaxear a Castelao non vale poñerlle o día de



Galicia, o ano de Galicia ó 2025, senón que é unha honra ser o primeiro Presidente, aínda que non fose elixido democráticamente, máis que nada -polo que comentei antes- por un ditador, cunha represión, totalmente absolutista, que impediu que houbera unhas eleccións democráticas. Co cal, seguramente sería o primeiro Presidente. Procedemos a votar a moción.

O Sr. Cribeiro García di: Nós como xa manifestamos na Comisión, co primeiro punto non estamos de acordo e o segundo punto, que é a declaración do Ano Castelao, si imos votar a favor.

O Sr. Alcalde di: As mocións vótanse en conxunto. Outra cousa é que se queira emendar a moción, addendar ou emendar. Se queres corrixir algo nun dos puntos, se vota esa corrección. Podémolo facer, vale? E outra cousa é que, se non estás de acordo nin en emendar nin en addendar, o que podes é presentar outra moción no seguinte Pleno, pero o que non podemos é votar por partidas. Non sei cal é o procedemento que queres.

O Sr. Cribeiro García di: Nosoutros queremos que conste en acta a nosa posición. No primeiro punto non estamos de acordo, en contra. E no segundo punto a favor.

A Sra. Secretaria di: E o voto do ditame?

O Sr. Cribeiro García di: Non.

O Sr. Arribe Rodríguez di: Ten que haber un voto.

O Sr. Alcalde di: Claro. Isto está regulado por lei e na regulación por lei temos tres tipos de voto.

O Sr. Cribeiro García di: A nosa postura é esa.

O Sr. Alcalde di: A vosa postura é non respectar a lei neste caso e non votar.

O Sr. Cribeiro García di: A nosa postura é esa.

O Sr. Alcalde di: Vale.

O Sr. Cribeiro García di: Nosoutros respectamos a lei, sempre.

O Sr. Alcalde di: Pois se respectades a lei tedes que presentar un voto.

O Sr. Cribeiro García di: Abstención.

O Sr. Alcalde di: Vale, perfecto. Grazas.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e catro (4) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSDG-PSOE E BNG NO REFERIDO AS CARENCIAS HUMANAS E ESTRUCTURAIS DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

Polo Concelleiro de Educación dáse lectura a proposta, ditaminada na Comisión Informativa de Plenos de data 27 de xaneiro de 2025:



“Vista a moción conxunta presentada polos voceiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e do BNG en data 21.01.2025, que di:

“Dona **Carmela Prieto Cal**, portavoz do PSdG-PSOE e **Xosé Antón Arribe Rodríguez**, portavoz do BNG do **Concello de Cedeira**, presentan para o seu debate e, se procede, para a súa aprobación dita moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende a comunidade de pais/nais do CEIP Nicolás del Río informan que veñen observando negligencias por parte das autoridades competentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional respecto das necesidades educativas do alumnado do centro da nosa vila.

O coñecemento por parte das autoridades da carencia de recursos de apoio ao alumnado NEAE e NEE antes do inicio do curso 2024/25 foi denegada e menoscabada por parte das autoridades competentes. Os recursos de apoio cos que conta o noso CEIP non son suficientes. A isto súmase que, despois de comezado o presente curso, incorporouse novo alumnado NEE, con alto grao de dependencia e a administración non dotou de persoal de **Pedagogía Terapéutica**, de **Audición e Linguaxe** nin de **PAC** (o que se coñece comunmente como **coidadora**) para poder atender en condicións tanto ao alumnado en cuestión como ao resto de alumnado con NEAE e NEE e, por conseguinte, ao alumnado en xeral que cursa os seus estudos en dito centro.

A esta situación precaria do presente curso 2024/25, súmase a redución de 60 horas de atención ao alumnado do profesorado con dispoñibilidade horaria (debido ás horas de libre disposición, que non foron cubertas coa incorporación doutro mestre), supoñendo isto unha redución de horas de gardas, así como unha redución na xornada da PT provisional no centro, nin concesión do PROA+ nin o programa Acompaña por parte da Consellería. A concesión destes suporía a incorporación de profesorado temporal

Esta situación de recorte vense repetindo dende o curso pasado, pasando de **tres coidadoras** en febreiro **a unha e media** da actualidade. Mediante unha estratexia por parte da consellería de arrebatarse a certo alumnado recursos que precisaban e seguen precisando na actualidade a través de valoracións incomprensibles para todos os ámbitos da comunidade educativa.

A todo o anterior mencionado, súmase o desleixo por parte da consellería na falta de profesorado, xa que o número de docentes viuse reducido neste presente curso. Esta situación está a desbordar á comunidade educativa, ás familias e ás crianzas, tanto a aquelas con NEE coma ás que non teñen ningunha.

Todo o exposto ten a súa base lexislativa nos seguintes documentos, entre outros:

- *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
- *Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve el Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade*



Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Esta lexislación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade débese concretar en cada proxecto educativo, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ó máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática.

Non debemos esquecernos que no *artigo 6 e 7 da Orde 8 de Setembro*, anteriormente citada, recóllense as definicións dos termos NEAE e NEE da seguinte forma:

Artigo 6. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

De conformidade co artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Artigo 7. Alumnado con necesidades educativas especiais

1. De conformidade co artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.
2. O sistema educativo disporá dos recursos necesarios para a detección precoz das alumnas e dos alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, e para que poidan acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Para tal efecto, as **administracións educativas dotarán a este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.**

A maiores debemos destacar as carencias estruturais que sofre o centro dende hai anos. Estas carencias pasan a un segundo plano na actualidade pola prioridade de solucionar os problemas de recursos humanos presentes.

O **CEIP Nicolás del Río** foi inaugurado no ano 1972 polo que este ano cumpre 53 anos de construción. A antigüidade e a situación do centro que se atopa levan consigo un desgaste sobre este de grandes dimensións, ano tras ano. O pasado ano observamos como chegaba a chover nas aulas, no pavillón ou nos corredores. A isto sumámoslle fachadas e cornixas que se desprenden ou con risco disto, así como una cuberta deficiente que se pode percibir a simple vista.

Estas deficiencias véñense denunciando dende o 2004, cando parte do falso teito do centro caeu. Momento no que a Comunidade Educativa do centro e o goberno municipal dese momento, dirixido polo Partido Popular, reclamaron á Xunta de Galicia a creación dun novo edificio para o CEIP debido a situación na que se encontraban as instalacións.



Ese mesmo ano, a Xunta realizaba estudos e informes técnicos sobre o edificio en cuestión así como un proxecto para a construción dun novo, que o Conselleiro naquel momento (Celso Currás) valoraba en 1,8 millóns de euros.

Na actualidade e observando a situación do centro, o goberno municipal traballa sobre a situación dos terreos para a construción do novo centro educativo e recollelos no novo *Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)* que se está a redactar nestes momentos.

Non debemos esquecermos que tras a Covid-19 realizouse un Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica por parte da Xunta de Galicia pola que se deben guiar as rehabilitacións e os centros educativos de nova construción no noso territorio. Tendo en conta as premisas de dito Plan, facémonos unha pregunta, *que melloras de rehabilitación se poderían levar a cabo por parte da Xunta no centro actual, sendo que se atopa na zona de dominio público marítimo-terrestre da vila?*

Se nos baseamos na lexislación actual, só na *ORDE do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria* se fai referencia á competencia que lle corresponde ao Concello e a Consellería no referido aos centros. No *artigo 6.1* recóllese:

- *Correspóndelles ós concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios e demais instalacións escolares, e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a súa mellora.*

Por todo o anterior exposto, **SOLICITAMOS Á CONSELLERÍA COMPETENTE A:**

- **Avaliar a situación** na que se atopa o CEIP Nicolás del Río, no referido a recursos humanos.
- **Acordar unha reunión** cos distintos ámbitos da comunidade educativa para ter en conta os seus puntos de vista.
- **Dotar dos recursos humanos necesarios** (PT, AL, PAS) para atender ao alumnado reducindo as desigualdades e garantindo a igualdade de oportunidades para favorecer o seu rendemento académico e desenvolvemento persoal.
- **Dotar dos recursos materiais necesarios** para atender ao alumnado reducindo as desigualdades e garantindo a igualdade de oportunidades para favorecer o seu rendemento académico e desenvolvemento persoal.
- **Avaliar a situación estrutural** na que se atopan os diversos edificios do CEIP Nicolás del Río.
- **Informar ao Concello** das obras que se realicen por parte da consellería nas instalacións, xa que se trata dun edificio de propiedade municipal.
- **Recuperar o proxecto** iniciado no 2004 de construír un **novo centro** escolar.
- **Acordar unha reunión** cos representantes municipais para iniciar os trámites da construción dun novo edificio.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros, acorda ditaminar favorablemente devandita moción e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Eu quero comezar facendo unha afirmación categórica: nós queremos que os nenos e nenas do colexio Nicolás do Río estean nas mellores condicións. Na moción conxunta presentada polos grupos municipais do PSOE e BNG aparecen dúas cuestións:

En primeiro lugar, a constatación de parte da comunidade de pais e nais do colexio Nicolás del Río dun problema de necesidade educativas do alumnado.



En outro punto di, en segundo lugar e con este texto di: *A maiores debemos destacar as carencias estruturais que sofre o centro dende hai anos.*” E di o texto da moción: *“Estas carencias pasan a un segundo plano na actualidade pola prioridade de solucionar os problemas de recursos humanos presentes.”* O texto di que estas carencias pasan a un segundo plano, repito.

Nos preguntámonos, señor Alcalde, vostede non se sente capaz de facer e xestionar dúas, tres ou catro cousas á mesma vez? A pesar de ter, repito, nove Concelleiros cobrando, tendo dedicacións totais e parciais. Recordarlle, señor Moreda, que vostede leva dez anos no Concello, dez anos. Antes de facer o tellado dunha casa, hai que facer a estrutura da mesma. Antes de facer un colexio novo, hai que avaliar polos técnicos municipais ou polos técnicos competentes o seu estado actual. É necesario facer un diagnóstico certo de como está o colexio na actualidade. Fala de que o colexio ten 53 anos, hai edificios en Cedeira que teñen 53 anos, e máis, e seguen en pé. Nós primeiro, repito, débese facer unha avaliación polos técnicos do seu estado e, logo, levaranse as medidas oportunas. Se é necesario facer un colexio novo, intentábase facer un colexio novo. Recordámoslle, señor Moreda, unha vez máis que estamos no ano 2025, no ano 2025. Recordámoslle, señor Moreda, que vostede é a máxima autoridade política de Cedeira. Nosoutros aquí non vimos a criticar a ningún, nin a ningún grupo político, pero as accións obríganos a non estar calados e dar a nosa opinión. Nós xa sabíamos que vostedes non tiñan e non teñen un proxecto de presente e de futuro para Cedeira. Vense obrigados a convocar un Pleno polas protestas, protestas que cremos que están máis que xustificadas da ANPA do colexio Nicolás do Río. Van vostedes a rebufo das circunstancias por non solucionar os problemas en tempo e en forma. Deberían facer autocritica, a autocritica é boa, se conduce a unha boa acción. Señor Alcalde, pregoa ós catro ventos que quere facer un Plan urbanístico co consenso da oposición, é un “queda ben”. Mire, voulle recordar que nós, aquí os catro Concelleiros do Partido Popular, só levamos cerca de dous anos como simples Concelleiros, cerca de dous anos. Vostede firmou o 2 de maio do ano 2024, repito, o 2 de maio do ano pasado un contrato con Estudio Técnico Gallego para redacción do Plan urbanístico de Cedeira. Maio, eh! Maio, xuño, xullo, agosto, setembro, outubro, novembro, decembro do ano 2024, son os meses do ano pasado e xaneiro do 2025. Nove meses pasaron e estes catro Concelleiros que vostede di que vai facer un plan urbanístico consensuado. Pasaron nove meses e nin sequera se nos presentou aos técnicos que van a redactar o Plan, nin se nos orientou acerca do que o goberno de Cedeira proxecta para Cedeira no futuro e ven agora con que quere cambiar o colexio, pretende tomarnos o pelo? Nós cremos que a maioría de pais están ben contentos co céntrico que está, a ubicación actual do colexio Nicolás del Río. Vostede, señor Alcalde, pasará á historia como o Alcalde destrutor que destruíu a Praza dos Cabalos, destruíu a fonte dos Catro Camiños, agora quere destruír o pump track -onde gastou o Concello de Cedeira cerca de 130.000 euros-. E, por último, enterámonos con esta convocatoria do Pleno que vai a destruír o colexio Nicolás do Río. O primeiro que debe saber un político é cales son as súas competencias. Temos competencias da Unión Europea, temos competencias estatais, temos competencias autonómicas, temos competencias provinciais e temos competencias municipais e parece que o Concello de Cedeira non sabe que o mantemento do colexio Nicolás do Río é competencia municipal. Pero non o dicimos nosoutros, senón un documento asinado pola Consellería de Educación e a Federación Galega de Municipios e Provincias ao que está adherido o Concello de Cedeira no que precisamente di textualmente: *“no que atinxe ás obras de reparación, no que atinxe ás obras de conservación, no que atinxe ás obras de mantemento que debe realizar cada concello nos centros de ensino que de el dependa”*. E fala, por exemplo, de goteiras do tellado, limpeza, desatascamento de conducións de augas. Hai que dicir algo que para nós cae de caixón, pero que convén lembrar, nós non estamos en contra de que se mellore o centro, faltaría máis, nós estamos a favor de que se mellore o centro, no que estamos en contra é en responsabilizar a outras administracións da propia deixadez de funcións. O Concello de Cedeira debe manter e coidar o colexio porque se non se fai é cando xorden os verdadeiros problemas. E da mesma forma que lle pedimos ó Concello, tamén lle pedimos o mesmo á Consellería de Educación que cada un cumpra coas labores que debe desempeñar. Isto é o claro exemplo da frase. Eu agora invito a toda a xente do público a unha comida, pero pagádelas vosoutros. Primeiro facer o traballo de cada un e xa veremos como todo vai



mellor. Repito, da mesma forma que lle pedimos que actúe ao Concello, tamén somos firmes a que a Consellería de Educación cumpra coas súas obrigacións, exactamente igual. Agora ben, cada un ten que atender ás súas responsabilidades e o Concello de Cedeira non atende as súas. Primeiro, afirmaban con toda seguridade que o colexio tiña grandes problemas estruturais, agora, na moción que levan a este Pleno, xa se refiren como que hai que avaliar a situación. Primeiro, botan a pedra e, logo, esconden a man. Estas non son as formas, nin os feitos. Mire, nós, como simples Concelleiros imos axudar e poñemos a disposición da comunidade educativa todo o necesario para facer que a vida dos nenos mellore. Sabe por que a Consellería de Educación decidiu acometer certas obras do colexio? Porque, cunha gran altura de miras, os técnicos decidiron que era máis importante a seguridade dos nenos que ter que esperar a que o Concello se decidira a arranxar os problemas que son competencia súa. É moi triste que o goberno local deixe de facer as súas funcións e teña que vir a Xunta a salvarlle o cú. Cedeira necesita dun Alcalde resolutivo e capaz de afrontar e resolver os problemas. Esta non é a forma de aportar solucións ó pobo. Debemos recordarlle que aquí vostede está a cobrar como Alcalde con adicación exclusiva 46.732 euros e o Concelleiro de Educación a cobrar 30.000 euros anuais.

O Sr Alcalde di: Os meus son menos, eh! Pódese mirar, 43.600 euros brutos.

O Sr. Cribreiro García di: No Portal da transparencia non aparece nada.

O Sr Alcalde di: 43.600 euros brutos. Acabo de mirar o BOP. Votáchelo nun Pleno, ademais. Igual levantaches a man e non liches a proposta.

O Sr. Cribreiro García di: En conversacións privadas con algunha nai da ANPA, conversacións privadas, a pesares que en ningún momento fomos informados por parte da directiva -e non é un reproche- de este e outros posibles problemas. Eu xa lle manifestei que tanto a nivel persoal como no ámbito político estou, eu e os meus compañeiros, Pablo, Olga e Higinio, a prestar a axuda que sexa necesaria na nosa modesta posición en resolver aquela incidencia no ámbito da educación en Cedeira. Cremos que a Educación non ten siglas políticas e redunda no beneficio dos nosos nenos e adolescentes. Repito, conte con nós para o que necesite. Todos vostedes saben como eu canto se demorou a humanidade en encontrar a maneira de resolver os conflitos co diálogo e co entendemento, miles de anos, miles de anos pasaron e nosoutros non imos dar un salto atrás na cadea da evolución. Conte con nós no presente e no futuro de diálogo e de entendemento. Nós apostamos pola seriedade e a rigorosidade nas solucións de conflitos. Repito, nosoutros apostamos pola seriedade e a rigorosidade. Conte con nós e co noso apoio a que se resolva á maior brevidade posible. Nós estivemos falando coa Administración e o que nos manifestou a Administración é que a cuestión ven por un neno con necesidades especiais, e o que me dixeron a min. E nel a Xunta está a traballar. A Xunta, a Administración, dime textualmente, por parte deles, que a Administración ten os seus prazos. A Administración ten as súas formas e ten os seus tempos. Está pendente de valoración por un equipo de orientación específica. A inspección está ao tanto das necesidades, polo que, cando se valore ao neno e determine o equipo de orientación específica cales son as necesidades, intentarase por todos os medios atendelo. E se é necesario enviar ao profesor, enviarase e o que sexa necesario.

Co permiso da Presidencia intervén unha nai presente como público, que di: As necesidades que se están solicitando para eses nenos con discapacidade, entre eles un é o meu fillo, por iso estou eu hoxe aquí. Non é un neno que ten unha discapacidade. O colexio atópase con que cada ano hai nenos con máis discapacidades e con nenos con máis necesidades que non se están cubrindo, non só un. Non sei se o fallo está coa persoa que vostede falou ou de onde ven o fallo, pero o problema é que hai máis dun neno. Vou poñer de exemplo ao meu porque dáme exactamente igual, estou aquí para representar a eses nenos que teñen esas discapacidades. Meu fillo é un neno que precisa unha coidadora, que precisa unha AL e que precisa unha ATP. O ano pasado tiña unha AL en clase con ATP, este ano tenas que compartir



con outro alumno que está nas súas mesmas condicións na súa mesma aula. Iso non debería ser. Así que non sei se é culpa da Consellería ou de quen é culpa, non sei de quen é a responsabilidade. Non estamos falando dun caso en concreto, aquí hai moitos nenos no colexio que teñen moitas clases de discapacidade. Hai discapacidades de mobilidade, hai discapacidades da linguaxe, hai moitísimas discapacidades, o que quero que se entenda é que non é un neno, non estamos falando dun neno, senón os pais non estabamos facendo isto que estamos facendo. Estamos falando de nenos que precisan dunha atención que non se lles está dando. Iso é o que quero que quede aquí clarísimo.

Outra nai di que tamén repercute nos nenos que realmente non teñen un problema, repercute en todo o conxunto, e que o caso dese neno que se incorporou agora só agravou a situación, pero non é o maior problema.

A nai que interveu en primeiro lugar engade que ao non haber apoio eses nenos quedan desprotexidos e incluso os outros nenos que nas súas mesmas aulas non poden ter o apoio suficiente do profesorado para poder levar a cabo as súas funcións como deberían levalas.

O Sr. Alcalde di: Moitas grazas.

O Sr. Cribreiro García di: Estou no meu turno de palabra.

O Sr. Alcalde di: Hai dous turnos de palabra.

O Sr. Cribreiro García di: Pero eu aínda non acabei. Eu agradézovos que por primeira vez teñamos nós un contacto con vós (dirixíndose ao público). O que ti me transmites eu voulo transmitir á xente responsable disto, pero xa che digo que as palabras eran: se é preciso enviar ao profesor, enviarase. E dinme que o que sexa necesario, enviarase.

Por parte das nais e pais do público pregúntase quen di iso, e indícase que se é a Administración, isto xa o saben, e van pasando os trimestres, e os nenos van crescendo... e isto mesmo o ano pasado trasladouse ó Inspector por teléfono, e dixo que o colexio estaba moi ben dotado e que era o mellor da contorna.

O Sr. Cribreiro García di: Eu vou transmitir as vosas solicitudes. Nós dicimos si e apoiamos as reivindicacións da ANPA Nicolás del Río. Nós dicimos si á avaliación por técnicos competentes da situación actual do colexio Nicolás del Río. Señor Alcalde, vote unha ollada a este salón de Plenos, vostede ve as humidades e goteiras que hai por encima das cabezas do público? Esta vez a quen lle vai a botar a culpa? Vaille votar tamén a culpa á Xunta de Galicia porque no Concello de Cedeira chove dentro?

O Sr. López López di: Ti sabes o que priorizamos nós antes que este edificio?

A Sra. López Rodríguez di: Vaia comparación.

O Sr. Cribreiro García di: De quen depende este salón de Plenos? Dez anos leva de Alcalde. Dígolle eu, señor Alcalde, porque ao igual que o colexio Nicolás del Río o mantemento e coidado deste espazo é competencia municipal.

Intervén de novo unha nai e dí: É verdade que as comparacións son ben odiosas. Que compare isto coa situación do colexio. Estamos falando de nenos que lles chove na cabeza, que están na escola chovéndolles na cabeza.



O Sr. Alcalde di: Son as prioridades de cada un.

O Sr. Cribeiro García di: Non, eu dígoo para que vostedes vexan a incompetencia desta Corporación.

O Sr. Alcalde di: Imos pasar o segundo turno de palabra ao Concelleiro.

O Sr. López López di: Eu quero reafirmar que a moción era prioritariamente polas carencias humanas. O Partido Popular as carencias humanas esfumounas, non as atopei no discurso do Partido Popular, só buscando culpables, como di el, pero botándolle a culpa ao Concello. Eu recórdolle ao Partido Popular que nós estamos gobernando, vostedes están na oposición, e eles póñense en contacto con nós porque teñen un contacto directo e porque imos aos Consellos escolares e vemos as cousas. A Administración contéstavos a vós, pero non á dirección do centro, que casualidade! Creo que na moción está todo recollido. As palabras dos país están aí e grazas a Deus que viñeron os país e ven a pouca decencia que ten o Partido Popular ante este caso. Non teño nada máis que dicir.

O Sr. Cribeiro García di: Mire, como decencia...

O Sr. Alcalde di: Perdón, a palabra téñoa eu. Remataches xa a intervención?

O Sr. López López di: Si, si. Non vou dicir nada máis.

O Sr. Alcalde di: Podes falar, Xulio.

O Sr. Cribeiro García di: Como decencia e como ética, non nos poña en dúbida. Nosoutros sabemos desta situación formalmente dende que se convoca o Pleno, o xoves pasado. Temos información por parte dalgunha nai que está na ANPA, nada máis.

Outra nai do público di: Non, non. Estás falando cousas que non son.

O Sr. Cribeiro García di: A nosoutros ningún nos invitou a ningunha reunión.

O Sr. Alcalde di: Imos facer unha cousiña, imos deixar que acabe a intervención e, se queredes participar despois e expoñer algo, podédelo falar, vale?

O Sr. Cribeiro García di: Eu a única información que teño é por parte dunha nai.

A nai do público di: Non, non. Perdón.

O Sr. Alcalde di: Podes participar, que eu douche permiso para participar, pero imos esperar a que el argumente a segunda intervención que ten e, despois, tes o tempo que faga falta para falar.

O Sr. Cribeiro García di: Oficialmente a nosoutros non se nos invita a ningunha reunión. Non temos constancia de nada. Nosoutros, como comprenderedes, a min se non me invitan a un sitio, en determinadas situacións, se non me invitan, eu non vou a un sitio.

A Sra. López Rodríguez di: É unha assemblea.

O Sr. López López di: Foi un Concelleiro do PP.



A Sra. López Rodríguez di: Eu estiven nesa reunión e non teño nenos en idade escolar.

O Sr. Casas Regueira di: Ninguén nos invitou a nadie. Fun como pai.

A Sra. López Rodríguez di: Claro, a min tampouco me invitaron, fun como veciña.

A nai do público di: Vou intervir porque sei que está falando de min porque fun a única que o chamei ao seu número privado, porque considero que teño unha relación normal e cordial con el e nos coñecemos. O único que che preguntei foi a quen lle podía preguntar a información que puxeches en Instagram porque era falsa, porque nosoutros en ningún momento puxemos publicamente a información que déchedes no Instagram. Foi o único que falei contigo. Nin falei dun neno con necesidades, nin falei de nada e dixéchesme: xa falaremos que estou co meu fillo nun partido de fútbol. Así tal cual. E díxenlle: pois ven á reunión hoxe ao auditorio. E dixéchesme que non podías. Así tal cual. Están aquí de testemuña que estaban comigo. Foi o único que preguntei, a quen podía pedir explicacións da información falsa que había en Instagram. E eu díxenche que podías vir á reunión, certo ou non? E dixéchesme que non podías.

O Sr. Cribeiro García di: Eu de temas privados non falo.

O Sr. Alcalde di (dirixíndose ao Sr. López López): Non sei se queres dicir algo?

O Sr. López López di: Non, no teño máis que dicir.

O Sr. Alcalde di: Bueno, pois vou rematar eu este punto. A verdade é que non sei por onde empezar porque é un popurrí de cousas que dixo o portavoz do Partido Popular que ... Para poñerlle un pouco de humor a todo isto, creo que xa o dixera algunha vez, unha expresión moi boa –ímoslle poñer un pouco de humor porque senón, non vai ser todo seriedade- eu desta segunda intervención co que me quedo é como Xesucristo na última cea cando lle dixo aos apóstolos: agora védesme, mañá non me veredes, volveredes a verme para o cambio de mes. E díxolle San Pedro: mestre, cada vez querémoste máis polo ben que te explicas. Pois isto é como me quedei eu agora, porque vostede comezou a falar do Plan de urbanismo de 9 meses, vostede -con moi bo criterio deste goberno municipal, deste grupo de goberno- participou na preparación dos pregos para a redacción do Plan xeral. Eu creo que na historia deste Concello se lle ofreceu o Partido Popular, á oposición, que participara niso mesmo. E vostede participou e aprobáronse, pero é que eses pregos cando se aproban debería vostede deles e cando se leen aparecen unha serie de criterios e uns tempos onde a empresa ten que presentar eses traballos. Polo cal, nestes 9 meses vostede, se o lera, sabería que o que tiña que presentar era a cartografía, co cal aínda non houbo ningunha xuntanza de ningún tipo. Está aquí o Tenente Alcalde para poder aseguralo. Mira se somos bos como goberno municipal que recollemos un proxecto que o Partido Popular perdeu no seu momento que foi a ampliación do Centro de saúde de Cedeira e levamos traballando nel bastante tempo, onde estamos a punto de mercar os terreos que nos pediu a Consellería. Falamos con vostede para que viñese con nós e, mire se é leal vostede, que cando chegamos alí levaba vostede unha hora falando co Conselleiro e, claro, saíu dicindo que fora xestión súa. Iso do popurrí de cousas que está dicindo. Despois, si que concordo co que di o Concelleiro de Educación, parece mentira que da súa intervención o 99% fale da estrutura do edificio e de facer un edificio novo ou do mantemento e non fale dos chavales con necesidades especiais. Porque eu recordo que houbo unha rapaza –non sei se foi en outubro ou novembro- que seus pais si que se puxeron en contacto con nós -porque tiñan un problema de que lle quitaran unha coidadora- e, ao final, sabe por que lle puxeron a coidadora? Pois por un programa de radio no que aparecemos o seu pai e máis eu falando. Isto foi un venres, pois o luns estaba o Inspector no colexio e esa semana xa lle solucionaron o problema, os protocolos. Claro, saíu na radio, iso fastidia. As competencias impropias son aquelas que nos tocan aos concellos cando



non temos unha delegación propia conxunta, como pode ser no caso este do que é a xestión dun centro educativo. Non hai moitos anos, hai aquí un exalcalde que está aquí no público, que grazas a el tamén sacamos a competencia impropia de levar o mantemento do Centro de saúde, onde pagábase a limpeza, pagábase a luz, pagábase a auga e todo iso. E estase facendo agora en moitos centros de toda Galicia. Pois o mesmo nos pasa con isto, é dicir, si que o Concello ten que levar un mantemento e intenta levar o mantemento o mellor posible. É máis, facemos cousas que a Consellería non fixo e voulle poñer un exemplo porque vostede non estivo aquí e, probablemente, non o saiba -dígoo por recordalo, non llo digo con segundas-. Os dous parques infantís que ten o colexio Nicolás del Río foron sufragados por este Goberno municipal. O chan das aulas de infantil foi sufragado por este Goberno municipal. A cuberta onde os pais esperan aos pequenos cando entran nas aulas foi sufragada por este Goberno municipal. O patio do areal, que está agora mesmo en formigón pulido, foi sufragado polo Goberno municipal. O patio interior que está cambiado o chan, foi pagado a metade polo Colexio e a outra metade polo Goberno municipal. Un patio que hai interior, onde teñen alí os hortos e todo iso, sufragado polo Goberno municipal. Nada diso o tiñamos que pagar nós, pero quixemos porque tamén temos que axudar -no que poidamos, claro- pero para iso, o que precisamos son recursos. E a Xunta de Galicia, recórdolle que leva dez anos co Fondo de Cooperación Local paralizado. É dicir, eses 140 millóns que reparte a 313 concellos de Galicia cun presuposto de 13.000, en comparación co da Coruña que reparte 93 millóns de euros, pero os obxectivos do presuposto son 150 millóns de euros. Entón, a partir de aí é onde nós traballamos coas nosas necesidades, coas nosas carencias e cos nosos orzamentos e cos nosos gastos. Iso é unha realidade e nós, nesas obras de mantemento que se están a facer, facemos moitas máis das que, a veces, debemos de facer. Esta semana saíu publicado que en Valdoviño van a reformar a cociña e o comedor por 315.000 euros. Iso que é unha obra nova, unha reforma, un mantemento? Non, pois cámbianlles a cociña por 315.000 euros. Eu teño artigos que poden dicir: subministro, mantemento, cambio de fachadas e todo iso. Volvo ó do principio, o que me da pena é que se veña aquí a falar só da construción dun novo centro de saúde que é totalmente necesario, pero non é de agora.

O Sr. Alcalde lee: *“21 de abril de 2004, Educación asegura que Cedeira tendrá otro colegio si es necesario. La Consellería de Educación construirá un nuevo colegio en Cedeira si los informes técnicos dictaminan que el arreglo del actual, Nicolás del Río, es demasiado caro. Este estudio estará concluido en junio - os técnicos da Xunta, non do Concello - y se completará con un análisis en profundidad sobre las necesidades educativas del municipio y de su zona de influencia. «Más ya no podemos ceder», declaró ayer el secretario xeral de Educación, Néstor Valcárcel, quien subrayó que la Xunta no posee varitas mágicas para construir un colegio si no está avalado por los estudios de los técnicos autonómicos. «No podemos saltarnos la ley; el centro se hará si es necesario», apostilló Valcárcel. En este sentido, el alcalde cedirés, Leopoldo Rubido, quiso dejar claro que: «El Concello va a hacer lo posible y también lo imposible para que se construya el colegio porque es una prioridad absoluta para nosotros»”.*

O Sr. Alcalde continúa dicindo: 17 de abril do 2004, estamos falando 21 anos despois. A ver, estamos en política e temos que entender como funcionan os tempos, vostede foi Alcalde e ten que entender como son os tempos. É dicir, nosoutros estamos mirando por un novo colexio? Pois claro que si que estamos mirando por un novo colexio, pero isto que se consegue dun día para outro? Se un Plan de urbanismo tarda catro ou cinco anos en aprobarse. Catro ou cinco anos en aprobarse. Por iso tamén queremos o consenso de todos os partidos para que se aprobe, para que non sexa un diñeiro tirado. Ese home que está aí, que foi Alcalde, tiña un Plan de urbanismo para unha aprobación inicial e cando houbo un cambio de goberno botouse para atrás. Este Concello perdeu 180.000 euros por iso, 180.000 euros porque o Partido Popular tiroulle para atrás todo o traballo que había. Despois diso, cando se traballa sobre o Plan xeral e se aproba e se deixa unha zona determinada que será consensuada, porque a traballaremos conforme a esa planificación que lle comentei antes que ven no contrato. O que se vai facer é precisamente buscar os terreos idóneos porque sabemos que despois son cinco anos, despois a Consellería ten unha cesión, sacar unha licitación, estamos falando de, como moi pouco, son oito ou



nove anos que tardarían en facer un colexio novo. Non estamos falando de que o vaian facer mañá. Mañá non o van facer porque non se pode facer, pero é o noso deber. E sobre todo na zona que está agora, nunha zona de dominio marítimo-terrestre non se pode facer nada máis que a arquitectura que comentabas antes dos proxectos que se poden facer que están instaurando en moitos sitios. Volvo ó de antes, creo que o máis importante está alí, o máis importante son as nosas crianzas e iso é o que ten que ter importancia na Xunta. E o que non se pode é falar este debate falando só do mantemento dun edificio, cando o que temos é que preocuparnos pola Educación que é o mais primordial que pode haber, igual que a Sanidade, que é o máis necesario para todos nós. E o que non se pode é, por diñeiro - porque non ten outra escusa- por diñeiro non contratar a máis persoal. Con isto queda todo dito.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 44/2025, DE 27 DE XANEIRO. CORRECCIÓN DE ERRO SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADIC 1/2025"

A Sra. Secretaria explica que foi necesario modificar a Resolución de Alcaldía 15/2025 de 14.01.2025, ditaminada na Comisión Informativa de Plenos, polo que da lectura á Resolución de Alcaldía núm. 44/2025 de data 27.01.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADIC 1/2025"

A aprobación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2025” da Deputación Provincial da Coruña, foi publicada no BOP núm. 233 de 3 de decembro de 2024.

Consta na plataforma telemática SUBTEL a Circular de decembro de 2024 do Servicio de Acción Social, Cultural e Deportes, Sección Servizos Sociais, para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, cunha achega total a este concello de 67.703,66 €.

Mediante o Decreto núm. 15/2025 de 14 de xaneiro foi solicitada a participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ADICIONAL 1/2025).

Con data 24/01/2025 recibíuse un requirimento da Deputación Provincial relativo a un erro sobre a previsión de gastos dos importes declarados no concepto de gastos correntes.

Con data 24/01/2025 emítese un informe pola Intervención municipal coa corrección dos referidos importes.

Por isto, **RESOLVO:**



1.- Modificar a parte resolutiva do Decreto núm. 15/2025, de solicitude de participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ADICIONAL 1/2025), quedando a mesma como segue:

1. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:					
Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2025 Dato notificado que figura no seu expediente	67.703,66 €				
<i>(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)</i>					
GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	PREVISIÓN DE GASTOS 2025	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	101.876,16 €	49.500,00 €	52.376,16 €	52.376,16 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i	12.000,00 €	0,00 €	12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j	3.327,50 €	0,00 €	3.327,50 €	3.327,50 €	0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2025	117.203,66 €	49.500,00 €	67.703,66 €	67.703,66 €	0,00 €
IMPOTES SOLICITADOS					
I. Importe solicitado para gastos correntes				52.376,16 €	
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i				12.000,00 €	
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j				3.327,50 €	



TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2025 (I + II + III)				67.703,66 €	
2. Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.					
3. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.					
4.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.					

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 44/2025 de data 27.01.2025.

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº DECRETO	ASUNTO
00654/2024	APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA O CAMPAMENTO URBANO DE NADAL DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ANO 2024
00655/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (ALUGUER) EXPTE TEDEC 2024/S009/000037
00656/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033700 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
00657/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033701 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00658/2024	NÓMINA NOVIEMBRE 2024
00659/2024	RECLAMACIÓN TGSS DÉBEDA POR ACTUALIZACIÓN DAS BASES DE COTIZACIÓN DO PERÍODO 02 2024
00660/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2024/S009/000038
00661/2024	CONTRATACIÓN DE DONA CRISTINA BALLINA GARCIA COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15.3 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES, PARA SUSTITUCIÓN DE DONA REBECA PEREZ ZURDO.
00662/2024	APROBACIÓN PSS E INFORME FAVORABLE DO COORDINADOR SEG. E SAÚDE DA OBRA DE CREACIÓN DE ESPAZOS VERDES NA RÚA SILVA 26
00663/2024	ALTA NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DA ASOCIACIÓN COMUNIDADE DE ENERXIAS RENOVABEIS DO PORTO DO CABO
00664/2024	CONVENIO CON AGADIC - 2024 - SEMESTRES 1 E 2
00665/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033779 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO



00666/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033778 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
00667/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00668/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL PARA A SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DE DATA 04.12.2024
00669/2024	CONTRATACIÓN DE DON CRISTOBAL MARTINEZ NAVEIRAS COMO OFICIAL DE PRIMEIRA, MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15.2 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00670/2024	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE NOVIEMBRE DE 2024
00671/2024	EXP. 2024/U044/000018 -APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
00672/2024	2024/U004/000013 - APERTURA DE GABIAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO
00673/2024	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 571/2024 DO 25/10/2024
00674/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033846 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00675/2024	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 569/2024 DO 25/10/2024
00676/2024	NÓMINA EXTRAORDINARIA DECEMBRO 2024
00677/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2024/49
00678/2024	CONTRATO MENOR DE SERVICIOS DE INSTALACIÓN DE SISTEMA DE CONTEO DE PERSOAS E VEHÍCULOS EN PUNTOS DE INTERESE
00679/2024	CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCIÓN DE INFORME DIAGNÓSTICO DA PONTE SOBRE O RIO CONDOMIÑAS
00680/2024	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 570/2024 DO 25/10/2024
00681/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PARA A XUSTIFICACIÓN PARCIAL DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 3 2024
00682/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN PARA EQUIPAMENTO E MELLORA DAS INSTALACIÓNS UTILIZADAS PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS -CT211B
00683/2024	CONTRATO DE DONA MARIA SOL PICOS LÓPEZ PARA OCUPAR DE FORMA INTERINA A PRAZA DO CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABAJO CO CÓDIGO 15022AUXAF-24 ATA A RESOLUCIÓN DEFINITIVA DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DENTRO A OEP EXTRAORDINARIA DE 2022
00684/2024	LEVANTAMIENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/51
00685/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033889 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA
00686/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-50
00687/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000033917 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00688/2024	APROBACIÓN PAGO DA APORTACIÓN ANUAL 2024 GALP A MARIÑA-ORTEGAL
00689/2024	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00690/2024	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 23 DE DECEMBRO DE 2024 AO 22 DE XANEIRO DE 2025
00691/2024	APROBACIÓN PAGO DE LIQUIDACIÓNS POR DÉBEDA CON PORTOS DE GALICIA E CON AUGAS DE GALICIA
00692/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS (ALIMENTACION) GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA (MENSUALIDADES DE HIPOTECA)
00693/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL GASTOS RELACIONADOS COA VIVENDA EXPTE TEDEC 2024/S009/000039



00694/2024	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION) EXPTE TEDEC 2024/S009/000040
00695/2024	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 19516/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00696/2024	AUTORIZACIÓN PARA LA OCUPACIÓN DE LA VÍA PÚBLICA A NOMBRE DE RUTAS CEDEIRA, S.L. EN RÚA LÓPEZ CORTÓN DEL 01/05/2024 AL 31/08/2024.
00697/2024	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 588/2024 DO 30/10/2024 EXPTE.
00698/2024	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACION RELACION FACTURAS F/2024/52
00699/2024	LEVANTAMIENTO DE REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-53 (GAS NATURAL)
00700/2024	2024/V008/000016 - CAMBIO DE PLACA DE VAO
00701/2024	REPARTICIÓN DA PRODUTIVIDADE DO ANO 2024 SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA MESA DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2024
00702/2024	CONTRATACIÓN DE DONA FÁTIMA MARÍA DA SILVA COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15.3 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES, PARA SUSTITUCIÓN DE DONA ARACELI TARACIDO DÍAZ.
00703/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2024 DA SUBVENCION CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DE 21 DE XULLO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL- LIÑA 3: PUNTOS LIMPOS MÓBILES
00704/2024	NÓMINA DECEMBRO 2024
00705/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2024 DA SUBVENCION CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2023 E 2024 NA LIÑA 2
00706/2024	ELABORACIÓN E APROBACIÓN DA PRÓRROGA ORZAMENTARIA PARA O ANO 2025
00707/2024	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE 2024 DA SUBVENCION CONCEDIDA AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA OS ANOS 2022 E 2023 NA LIÑA 1
00708/2024	DATA DE FINALIZACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN OEP EXTRAORDINARIA DE 2022 PARA GARANTIR A ESTABILIZACIÓN DAS PRAZAS CONFORME Á LEI 20/2021, DE 28 DE DICIEMBRE, DE MEDIDAS URGENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO
00709/2024	NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS DA ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA LOCAL A DONA KAREN PEREZ PITA
00001/2025	REVOCACIÓN NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00002/2025	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE
00003/2025	CONCESION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCURRENCIA ANTE SITUACIÓN DE EMERXENCIA.
00004/2025	TOMA COÑECEMENTO NOMEAMENTO ACCIDENTAL DO POSTO DE SECRETARIA
00005/2025	APROBACION DO PLAN DE SEG E SAÚDE DA OBRA DE MELLORA E ACONDIC. VIAIS MUNICIPAIS
00006/2025	MODELOS AEAT 111 E 303 DO CUARTO TRIMESTRE DE 2024
00007/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA CONCEDIDA NO DECRETO 589/2024 DO



	30/10/2024
00008/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 22928/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00009/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034009 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00010/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 6787/2024 RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN ORDINARIO
00011/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034069 RESOLUCIÓN SANCIONADORA RESOLUCIÓN SANCIONADORA
00012/2025	APROBACIÓN CERTIF. 3 DA OBRA DE REFORMA E ADECUACIÓN DO SISTEMA DE SANEAMENTO EXISTENTE EN SAN ROMÁN -EDAR DE SAN ROMÁN- POS+2023
00013/2025	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO E PROPOSTA PARA LOCAL MUNICIPAL NA PRAZA RECTORAL
00014/2025	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS DE DIRECCIÓN DE OBRA E COORD. SEG. E SAÚDE DA OBRA DE RENOVACIÓN PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS, RIO LAMAS E RIO TIXÓN
00015/2025	SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 1-2025 GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS
00016/2025	APROBACIÓN CONVENIO CON AGADIC 2025 -SEMESTRE 1
00017/2025	RETENCIONES E INGRESOS A CUENTA DEL IMPUESTO SOBRE LA RENTA DE LAS PERSONAS FÍSICAS SOBRE RENDIMIENTOS DEL TRABAJO Y DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS, PREMIOS Y DETERMINADAS GANANCIAS PATRIMONIALES E IMPUTACIONES DE RENTA
00018/2025	XUSTIFICACION PARCIAL DA AXUDA DE EMERXENCIA CONCEDIDA NO DECRETO 467/2024 DO 09/09/2024
00019/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL A COMISION INFORMATIVA PLENO DE NOVIEMBRE 2024 E ASISTENCIAS DE DICIEMBRE DE 2024
00020/2025	ANULACION DEL DECRETO 17/2025 Y APROBACION RECLAMACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA IRPF 2022
00021/2025	SOLICITUDE DE AXUDA PARA "OBRAS DE REHABILITACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS DE O BECO, MALDE E TILDE - CONCELLO DE CEDEIRA" AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCION DO INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA 2025 - MT402B
00022/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 18625/2024 RESOLUCIÓN DE PRIMERAS ALEGACIONES ORDINARIO
00023/2025	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-1 (TAXAS PORTOS)
00024/2025	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE 27 DE XANEIRO DE 2025 AO 26 DE FEBREIRO DE 2025
00025/2025	ANULACIÓN DECRETO 23/2025 Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-1 (TAXAS)
00026/2025	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-2 (TAXAS)
00027/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000034140 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00028/2025	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2024 DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES EN RÉGIMEN DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CONCELLOS PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS ALTERNATIVOS MEDIANTE O SISTEMA DE RENTING CON DESTINO AOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL
00029/2025	E-0201 INDEMNIZACIÓN POR RAZÓN SERVIZO SOLICITADA POR ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ. CURSO "DESEÑO DE PROGRAMACIÓNS DE ARTES ESCÉNICAS EN GALICIA. MODALIDADE MIXTA (09/04/2024 A 21/05/2024).
00030/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA NECESIDADES BASICAS DE SUBSISTENCIA (ALIMENTACION)
00031/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA CONCEDIDA NO DECRETO 384/2024 DO 23/07/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000018
00032/2025	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE PILOTOS DE EMERXENCIA PARA O CEIP NICOLÁS



	DEL RÍO
00033/2025	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE POSTES DE FORMIGÓN PARA A COLOCACIÓN DE FAROLAS DE ALUMEADO PÚBLICO
00034/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LECTURA NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DA REDE DE BIBLIOTECAS 2025 - CT236A
00035/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2024-4
00036/2025	MC 01 2025 XC 01 2025
00037/2025	CONTRATACIÓN DE DONA SILVIA MARÍA PÁJARO BUGLIOT COMO LIMPADORA INTERINA POR SUBSTITUCIÓN DA TRABALLADORA DONA MONTSERRAT GRAÑA DÍAZ
00038/2025	SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA PARA ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO E MELLORA DAS COLECCIÓN-CT235A
00039/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 409/2024 DO 05/08/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000020
00040/2025	XUSTIFICACION DA AES MUNICIPAL CONCEDIDA NO DECRETO 417/2024 DO 07.08.2024 EXPTE 2024/S009/000021
00041/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 693/2024 DO 19/12/2024 EXPTE TEDEC 2024/S009/000039
00042/2025	LEVANTAMIENTO REPAROS Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F-2025-5 (GAS NATURAL)
00043/2025	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE MATERIAL TÉCNICO ASISTENCIAL PARA SERVIZOS SOCIAIS
00044/2025	CORRECIÓN DE ERRO SOBRE A PREVISIÓN DE GASTOS NA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADIC 1/2025"
00045/2025	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/06 XGL
00046/2025	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 30.01.2025

O Pleno queda enterado.

7. MOCIÓN DE URXENCIA

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún.

8. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde di: Antes de nada, se pode ser, imos intentar facer os rogos todos e as preguntas. Sabemos que isto non é un debate. É o que marca a Lei. Haberá preguntas que igual se poden contestar no momento, pero bueno, neste caso, moitas veces, pódense contestar no seguinte Pleno. Das últimas 200 preguntas que nos puideron facer nos últimos Plenos, 198 contestáronse no Pleno e 2 non. Volvo a sinalar ao Alcalde presente no público, José Luís Vergara, que cando el estaba na oposición facía moitísimas preguntas e todas as veces se lle dicía que se contestarían no seguinte Pleno. Que a maioría das veces nunca se lle contestaron. Entón, hai preguntas que somos capaces igual de ter a información e contestar agora, e outras pois non. Noutros concellos o que fan é vinte días antes do Pleno as meten por escrito, que tamén é un bo procedemento, léense no Pleno e así o goberno ten a posibilidade de contestación. Era só un matiz. Así que Xulio, cando queiras. Se queres



empezar por un lado ou polo outro, de rogos ou preguntas. Eu o que si que che pediría é que non foramos saltando dun rogo a unha pregunta, vale? Cando queiras.

O Sr. Cribreiro García di: Non lle imos dar a opción de que nos compare co señor Vergara. Non imos facer ningunha pregunta nin ningún rogo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:37 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ